CONCELLO DE SANTIAGO
CONCELLERÍA
AREA DE SERVIZOS SOCIAIS

IES Antonio Fraguas Santiago de Compostela
XUNTA DE GALICIA Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

# MEMORIA DE AVALIACIÓN



CONCELLO DE SANTIAGO
CONCELLERÍA
AREA DE SERVIZOS SOCIAIS






# *Esta memoria foi realizada por:*

- **Eva María González Santiago**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).

- **María Jesús Viqueira Pérez**; traballadora social da UTS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).

- **Margarita Vázquez Teo**; educadora social do Programa Municipal Socioeducativo (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).

- **María Dolores Sanz Lobo**; orientadora do IES Antonio Fraguas.




# Índice

***Páxs.***


- Presentación 5

1. O proxecto "A nosa vida..., en positivo?" estaba fundamentado en 6

2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos 12

3. O desenvolvemento do proxecto 14
   - 3.1.- O inicio 15
   - 3.2.- A "fase PRE" 15
     - 3.2.1.- Unha breve preparación nas clases 15
     - 3.2.2.- A organización 15
     - 3.2.3.- A difusión do proxecto 18
   - 3.3.- A "fase DURANTE" 18

4. A avaliación de resultados 20
   - 4.1.- Como se fixo a avaliación? 21
   - 4.2.- Avaliación cuantitativa 24
   - 4.3.- Avaliación cualitativa 25
     - 4.3.1.- Análise dos obradoiros en 4º da ESO 25
     - 4.3.2.- Análise da mesa redonda en 4º da ESO 27
     - 4.3.3.- Análise dos obradoiros en 1º e 2º de Bacharelato 28
     - 4.3.4.- Análise da mesa redonda en 1º e 2º de Bacharelato 30
     - 4.3.5.- Aportacións cualitativas realizadas polo alumnado 35
     - 4.3.6.- Valoración realizada por persoal docente 36
     - 4.3.7.- Aportacións cualitativas realizada por docentes 38
     - 4.3.8.- Valoración de persoal do ámbito social 39




***Páxs.***

4.3.9.- Aportacións cualitativas do persoal do ámbito social 41

4.3.10.- O transmitido polos poñentes 42

4.4.- Grao de consecución de obxectivos 43

4.5.- Suxestións para vindeiras edicións 45

4.5.1.- Realizadas polo alumnado 45

4.5.2.- Realizadas polos docentes 48

4.5.3.- Realizadas por profesionais do ámbito social 49

5. A modo de resume 51

6. Os nosos agradecementos 53

7. Anexos 56

7.1.- A actividade nos medios de comunicación 57

7.2.- A actividade en imaxes 82

7.3.- Os soportes documentais 97

CONCELLO DE SANTIAGO
CONCELLERÍA
AREA DE SERVIZOS SOCIAIS

IES Antonio Fraguas
Santiago de Compostela




# *Presentación*

Dando un paso mais nas intervencións comunitarias, o IES Antonio Fraguas, o Programa Municipal Socioeducativo e a UTS Fontiñas (pertencentes estes dous últimos dispositivos aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), decidimos aunar esforzos para deseñar e implementar o proxecto "**A nosa vida..., en positivo?: vulnerabilidade social en adolescentes e mozos; reflexións técnicas**". Unha experiencia, cun enfoque preventivo, coa que se quere traballar con alumnado do IES Antonio Fraguas (Secundaria e Bacharelato) temas da vida cotiá, relacionados con dificultades que poden atopar no proceso de crecemento persoal. Consideramos que a información é a ferramenta básica para as persoas, que as pode orientar na toma de decisións, e isto é o que se pretende:

... que as rapazas e rapaces saiban que hai organismos públicos que velan pola súa protección.

... que se conmemora no mes de novembro o Día Internacional dos Dereitos do Nen@, que supuxo un pulo á infancia e ao seu benestar.

... que tamén saiban que toda persoa é titular de dereitos, pero tamén de obrigas, e que isto é básico para vivir en familia e para vivir en comunidade.

... que os actos teñen sempre consecuencias, unhas positivas, e outras, non tanto...

... E que os erros tamén se poden reconducir, dependendo sempre da vontade persoal.




Vexamos nas seguintes páxinas o desenvolvemento do proxecto…



# I.- O proxecto "A nosa vida..., en positivo?" estaba FUNDAMENTADO...

Dende hai mais de quince anos, as entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas, adoptamos unha perspectiva de traballo coordinado, en rede, que non obviou a esfera asistencial (de cobertura de necesidades básicas e de facer efectivos os dereitos constitucionais que asiste a cada cidadán), pero que incide nos ámbitos preventivos e de integración.




No traballo comunitario levado a cabo, tivo especial incidencia a intervención co colectivo infantoxuvenil, polas circunstancias sociais[1] que caracterizaban á zona, e co obxectivo claro de tentar mellorar as situacións familiares e as circunstancias sociais que afectaban a este grupo de idade. Estas liñas de intervención dirixidas a frear o absentismo escolar e a mellorar a convivencia nas familias e no contorno comunitario, foron os piares que sostiñan as nosas "xuntanza de barrio".

Pero, en vinte e dous anos de existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Segue tendo unha pirámide poboacional nova (aínda que menos), na que o reemprazo xeracional está garantido, pero o colectivo de persoas maiores irrompe con forza no espectro social. As condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e seguen condicionando a realidade social; Fontiñas caracterízase pola súa accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que é un dos barrios que reúne elementos e factores para facilitar a vida de calquera persoa que presente limitacións ou dificultades de mobilidade.

*Gráfico nº 1:* **Distribución da poboación do barrio de Fontiñas pola variable idade**.




*Fonte*: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

Retomando a idea expresada no parágrafo anterior, o reemprazo xeracional está garantido, ao alcanzar o colectivo dos mais novos o 17,5 % da poboación e o dos maiores, o 11 %, existindo unha diferenza entre ambos de mais do 6 %.

*Táboa nº 1:* **Distribución da poboación por colectivos de idade**.

| | Nº | % V |
|---|---|---|
| MENORES DE IDADE[2] | 1697 | 17,5% |

[1] No ano 2000, estabamos a falar dunha poboación nova, moi nova, que se contrapoñía cun municipio galego que, como a maioría, se viña caracterizando por un avellentamento progresivo. Así, o evidenciaba un 25 % de poboación pertencente ao colectivo infantil e un 1,5 % de poboación maior de 65 anos. Moitas variables sustentaban esta realidade: un barrio aínda novo, con unidades de convivencia nas que os cabezas de familia contaban cunha idade que oscilaba entre os 30 e os 40 anos, familias numerosas (relacionado coa adxudicación de vivendas de promoción pública), etc.

[2] O concepto de menor de idade é un concepto xurídico relativo. Menor de idade é a persoa que non alcanzou a maioría de idade, entendendo esta desde o Dereito como o momento da incorporación das persoas á plenitude




| | | |
|---|---|---|
| XOVES[3] | 1388 | 14,3% |
| ADULTOS[4] | 5535 | 57,2% |
| PERSOAS MAIORES[5] | 1064 | 11,0% |
| TOTAL | 9684 | 100% |

*Fonte*: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, maio 2012.

A pesar do traballo realizado, non exento de logros, si houbo casos (evidentemente os menos, e en cifras, moi pouco significativos) nos que rapazas e rapaces se "*quedaron no camiño*"; adolescentes que, froito das súas circunstancias, remataron en centros de reeducación ou, incluso, na súa maioría de idade, en centros penitenciarios.




Fontiñas, un barrio aínda novo, pero cunha importante traxectoria vital, esixe ás entidades socioeducativas da zona unha "parada no camiño", na que se puidera reflexionar sobre a realidade social do barrio, cales son as súas necesidades actuais, cales son as súas potencialidades (que tamén as hai) e cales son as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos.

---

da vida xurídica con plena capacidade de obrar nos campos civil-administrativo, político, laboral e penal. Dentro desta vida xurídica nos atopamos cunha dobre dimensión deste concepto, por unha parte a Constitución Española no art. 12 di «Os españois son maiores de idade aos 18 anos». Tamén no Código Civil, o art. 315 di «A maioría de idade comeza aos 18 anos cumpridos». Non é así noutros ámbitos como o penal ou o laboral, onde se establece a maioría de idade aos 16 anos. No documento que se está a elaborar, tomarase o establecido na Carta Magna e no Código Civil.

[3] A clasificación ou definición seguindo criterios puramente temporais ou cronolóxicos mostrase hoxe en día arbitraria e insuficiente, xa que a xuventude é un proceso que engloba aspectos como a madurez física, social e psicolóxica da persoa, a educación, a incorporación ao mercado laboral, a autonomía e a independencia que poden conlevar a formación dun novo núcleo familiar, así como a construción dunha identidade propia que son dificilmente clasificables en apartados cronolóxicos. Ademais el concepto xuventude defire dun país a outro e mesmamente dun contexto socioeconómico a outro. Non obstante, no documento que se está a elaborar vaise seguir, con matices, o establecido pola Organización Mundial da Saúde no ano 2000, considerando como "xuventude plena", o período temporal comprendido entre os 19 e os 29 anos.

[4] Etapa da vida comprendida entre os 30 e os 64 anos de idade.

[5] A terceira idade comeza, socioloxicamente, aos 65 anos de idade; é previsible que o retraso da idade de xubilación vaia introducindo paulatinamente variacións neste concepto. A maior esperanza de vida existente no día de hoxe, fai que xa falemos de "cuarta idade", como as persoas maiores de 80 anos.

Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia. Realízase así o *II Diagnóstico Comunitario*[6] da zona (ano 2012).

Ben, pois tendo presente todo isto, dende o Punto de Atención de Servizos Sociais de Fontiñas e dende o IES Antonio Fraguas, contando coa colaboración das restantes entidades do barrio, preténdese levar a cabo un proxecto formativo, dirixido basicamente a adolescentes, con idades comprendidas entre os 15 e o 17 anos, no que se puidera traballar con eles (dun xeito educativo dinámico e aberto) aspectos inherentes a situacións de vulnerabilidade ou de risco social, conxugados con reflexións técnicas e experiencias vitais.

Este proxecto, cun claro enfoque preventivo, enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

- **Liña nº 13 do Diagnóstico Comunitario**: Deseño e implementación de proxectos formativos para a xuventude.
- **Liña nº 18 do Diagnóstico Comunitario**: Intervención integral, dende o ámbito escolar e social, con menores para previr situacións de risco social.

E, incluso, viría a reforzar a intervención que se está levando a cabo en materia de absentismo escolar e de mellorar a convivencia no contorno comunitario, minguando a presenza de elementos de risco e de condutas asociais.

Sería un proxecto que se fundamenta tanto en aspectos vinculados á prevención primaria como secundaria.

No primeiro dos casos (prevención primaria) as accións formativas que se leven a cabo teñen como obxecto a prevención da aparición de condutas antisociais en poboación que aínda non presenta esta problemática; serían actividades dirixidas a adolescentes, en xeral, que pretenden asegurar o seu normal desenvolvemento.

No segundo (prevención secundaria), diríxese a adolescentes que amosan algún signo de condutas disruptivas e preténdese minguar factores de risco.

No ámbito educativo, cumpre facer as seguintes consideracións con respecto á posta en marcha desta proposta, pois son moitos os aspectos que unha actividade formativa destas características pode desenvolver.

[6] Pódese visualizar  consultar o Diagnóstico Comunitario de Fontiñas na web www.compostelaintegra.org







Fonte: *Trazos de identidade do IES Antonio Fraguas* (Proxecto Educativo, Plan de Convivencia), 2013.

En 1º lugar, e a nivel xeral, todos aqueles elementos relacionados co proxecto educativo do centro (PEC) como son a mellora da convivencia, a apertura ó contexto, a realidade plural e multicultural, etc, integrados nunha forma ampla e flexible de entender a educación en valores. Algúns destes aspectos quedan reflectidos na figura seguinte.




Fonte: Departamento de Orientación IES Antonio Fraguas, ANO 2013.




Ademais, dende o Departamento de Orientación, catalizador e dinamizador de moitas das propostas de tipo colaborativo no centro, e de traballo en rede no barrio, séguese un modelo de intervención sociopsicopedagóxico que ten a prevención mediante programas, como una liña habitual de actuación nos diferentes ámbitos que abrangue.

É por isto que tanto no Proxecto Educativo, como no Plan de Acción Titorial e no Plan de Convivencia cobran sentido as sinerxías que se establecen cando falamos de cuestións como: a educación do alumnado como persoas e como futuros cidadáns e a formación e a información cara afrontar situacións de vulnerabilidade. Sen esquecer as reflexións técnicas e morais que aos profesionais poden suscitarnos.




Fonte: Departamento de Orientación IES Antonio Fraguas, ANO 2013

En 2º lugar, e a un nivel de concreción máis específico, podemos falar non só da integración curricular nas tarefas da acción titorial senón tamén nas áreas curriculares, especialmente nas materias do Departamento de Filosofía, tales como Educación Ético-Cívica de 4º de ESO, Filosofía e Cidadanía de 1º de Bacharelato e Filosofía do Dereito de 2º Bacharelato.

Ditas materias permiten integrar esta proposta para que os obxectivos educativos e contidos a desenvolver podan ser abordados non só a nivel máis teórico nas aulas senón tamén a nivel práctico, mediante os talleres e a mesa redonda previstos, contando coa presenza de profesionais e testemuñas dun valor incuestionable.





# II.- E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos...

II.1.- **Dirixidos aos adolescentes**:

- Coñecer os dereitos e obrigas que asiste a todo menor.
- Aprender a exercitar os dereitos de forma responsable, respectando sempre o que está "ao teu carón".
- Poñer de manifesto as consecuencias, dende un punto de vista legal, de determinadas condutas.
- Coñecer as institucións que velan polos dereitos do menor e pola súa protección.
- Fomentar a participación dos adolescentes na vida comunitaria.
- Desenvolver conciencias críticas sobre o seu modo de actuar e proceder.
- Desenvolver contidos curriculares (propios de certas materias educativas) cunha metodoloxía innovadora e participativa.
- Desenvolver nos adolescentes a reflexión e actitude crítica

II.2.- **Dirixidas a persoal técnico do ámbito socioeducativo**:

- Analizar, definir e clarificar as normas de actuación co colectivo infanto-xuvenil.
- Incrementar o coñecemento sobre os recursos existentes relacionados coas situacións de vulnerabilidade social que afectan aos menores.
- Fortalecer as pontes entre a institución escolar e a comunidade .
- Seguir a consolidar o traballo en rede.




*Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela, 2013.*



# III.- O desenvolvemento do proxecto...




## III.1.- O INICIO.

A idea inicial de deseñar e levar a cabo o presente proxecto partiu da orientadora do IES Antonio Fraguas, que tiña previsto implementar no presente curso académico obradoiros con alumnado da ESO e de Bacharelato onde se trataran temas relacionados coa responsabilidade penal do menor e exemplos prácticos da consecuencia da cronificación de condutas disociales; por tal motivo, estaba previsto o contacto coa asociación Arela (para o primeiro dos casos) e co Equipo Permanente de Educación de Adultos do centro penitenciario de Teixeiro.

Tendo coñecemento desta iniciativa, dende a UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), considerouse que se podía aproveitar a ocasión para realizar un proxecto mais global, cun enfoque comunitario, de acordo as potencialidades do barrio e das súas institucións, recollidas no DAFO do Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas. Pretendíase completar o proxecto informando aos menores dos recursos públicos existentes para garantir a súa protección e tamén, cunha explicación legal pormenorizada, dos seus dereitos e das súas obrigas. Estábase abrindo a posibilidade de que interviñeran o Equipo Técnico de Menores de A Coruña e o Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela.

Unha vez mais, o IES e a UTS atopan un punto de encontro, redefinindo ambos a proposta inicial deseñada.

## III.2.- A FASE PRE.

### III.2.1.- Unha breve preparación nas clases.

Dado que o proxecto establecíase como unha proposta conectada cos contidos curriculares das materias que desenvolve o Departamento de Filosofía, fíxose precisa a preparación da actividade de forma tal que, xa nas clases previas, xurdiran cuestións sobre os aspectos que suscitaban interese no alumnado: dúbidas, inquedanzas, curiosidades... que se foron materializando nunha batería de preguntas, guiada e asesorada polo profesor Rafael Varela (Ver anexo)

### III.2.2.- A organización.

Para concretar esta idea procedeuse a unha distribución de “papeis”; así, dende o Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas se contactou (mediante chamadas, correos electrónicos...) con Arela e co Centro Penitenciario de Teixeiro para plantexar a

posibilidade de participación, concretar datas e contidos; dende a UTS Fontiñas, contactamos co Equipo Técnico de Menores de A Coruña e co Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela coa mesma finalidade.

O que nun principio parecía ser a celebración dun acto (mesa redonda), se redefiniu do seguinte xeito:

1) **Obradoiros**[7] co alumnado do IES Antonio Fraguas, levados a cabo por:
   a) Equipo Técnico de Menores de A Coruña: no que se explicaran os conceptos claves vinculados á protección dos menores, os recursos públicos existentes, os programas, etc.
   b) Asociación Arela (Area de Conflito Social, Programa KTORCE 18), na que se explicaran os conceptos vinculados á Lei de responsabilidade Penal do Menor
   c) O Programa de Ensinanza Permanente de Adultos do Centro Penitenciario de Teixeiro, coa finalidade de que os menores coñeceran, de primeira man, a traxectoria vital dunha persoa, con condutas disociais e delictivas, así como as consecuencias dos seus actos e a firme decisión de reconducir a súa vida de xeito positivo.
   d) Cos dous primeiros obradoiros, pretendíase incidir en aspectos basicamente preventivos: coñecer para non facer, saber para poder previr, informarse para poder dirixir a nosa vida. Co último obradoiro, dáse un paso mais alá: crer na reinserción social, crer que todos os nosos actos teñen sempre consecuencias, unhas positivas e outras non tanto...; que o negativo pode, nalgunha medida, reconducirse, e poder así voltar á comunidade cunha plantexamento vital distinto. Pero tamén aprender das experiencias dos demais, dos seus erros, etc., para previr os nosos.




*Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela.*

[7] Textos lexislativos que se tratan dun xeito didáctico:
- Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. BOE do 17 de xaneiro de 1996.
- Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. BOE nº 209, de 30 de agosto de 2004.
- Real Decreto 1774/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. BOE nº 209, de 30 de agosto de 2004.

2) **Mesa redonda**, como acto de clausura, na que participaran:
   a) As tres entidades mencionadas anteriormente, para concluír temas pendentes e non tratados suficientemente nos obradoiros, dúbidas que puidesen xurdir, etc.
   b) Incorporar unha nova visión técnica, coas aportacións realizadas dende instancias xudiciais.
   c) Mesa redonda moderada pola Concelleira da Area de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

3) Si ben dende a UTS Fontiñas se contactou co Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela (seguindo xa outras experiencias de traballo conxunto dende o eido comunitario), dende este organismo se considerou procedente que o profesional que interviñese, tivese xa un coñecemento e unha experiencia específica nesta materia; de aí, que o propio xuíz realizara as actuacións oportunas ata acadar que o Fiscal de Menores de Pontevedra participase na implementación deste acto. Para concretar isto, a Concelleira de Servizos Sociais cursou a debida invitación, que foi aceptada.

Tódolos poñentes participaron dun xeito "altruísta e solidario", aos que hai que agradecer profundamente, desde estas liñas, a súa solidariedade e a súa implicación coas iniciativas comunitarias. Tan só houbo que facer fronte a estes gastos:

- Pago relacionado coa implementación do obradoiro levado a cabo por Arela: 50 €, abonado polo Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.
- Pago do xantar aos docentes e alumno de Ensinanza Permanente do Centro Penitenciario de Teixeiro: 45 €, abonado polo IES Antonio Fraguas.
- Pago do traslado dos docentes e do alumno de Ensinanza Permanente do Centro Penitenciario de Teixeiro: 120 €, abonado dende o Programa de Prevención da UMAD da Concellería de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.
- Impresión de carteis divulgativos (10 carteis): 6 €, abonados de xeito particular pola orientadora do IES Antonio Fraguas.
- Impresión de carteis e de tarxetas divulgativas (50 tarxetas e 6 carteis): 12 €, abonados de xeito particular polas traballadoras sociais da UTS Fontiñas e pola educadora social do programa municipal socioeducativo.

A cada un dos poñentes se lle entregou un "pequeno obsequio", que non pretendía ser outra cousa mais que unha mostra de agradecemento; o obsequio consistía nunha lámina aportada polo Departamento de Protocolo do Concello de Santiago de Compostela e por unha pequena bandexa realizada por alumnado do colexio López Navalón (que tamén contribuíron gratuitamente co proxecto).

### III.2.3.- A difusión do proxecto.

Se ben os destinatarios do proxecto eran fundamentalmente menores escolarizados en 4º da ESO e en Bacharelato do IES Antonio Fraguas, abriuse a posibilidade de que outras persoas interesadas no mesmo, acudiran ao acto final: mesa redonda. Con este obxectivo se acordou realizar a difusión do seguinte xeito:

1) Rolda de prensa de presentación do proxecto no Concello de Santiago de Compostela celebrada o 23 de outubro de 2013. Participan na mesma:
    a) María Castelao Torres, Concelleira da Area de Servizos Sociais.
    b) Dolores Sanz Lobo, orientadora do IES Antonio Fraguas.
    c) Rafael Varela, xefe do Departamento de Filosofía do IES Antonio Fraguas.
    d) Mila Budiño, directora do Centro de Día Arela.

2) Difusión a través de tódolos integrantes das xuntanzas de barrio de Fontiñas, co obxecto de dalo a coñecer á poboación usuaria destas entidades ás que lle puidera ser de interese.

3) Difusión a través das redes telemáticas, tanto a do IES Antonio Fraguas (www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/), a do grupo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela (www.stellae.es), á do Concello de Santiago de Compostela (www.santiagodecompostela.org) como á que engloba redes comunitarias na que se atopa a de Fontiñas (www.compostelaintegra.org).

4) Difundiuse a maiores a actividade entre os integrantes das demais redes comunitarias da cidade, centros educativos e Escolas Universitarias de Educación e de Traballo Social.

5) Difusión nas redes sociais dalgunhas destas entidades, como por exemplo AGARESO (https://www.facebook.com/photo.php?fbid=10151757304087036&set=a.136225992035.111756.134245902035&type=1&theater)

6) Considerouse procedente a elaboración dun cartel divulgativo do acto, cuxa elaboración correu a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas.

## III.3.- A FASE DURANTE

A implementación deste proxecto concretouse en dúas fases, claramente diferenciadas:

| | | TIPOLOXÍA | DATA | ALUMNADO PARTICIPANTE |
|---|---|---|---|---|
| FASE 1 | OBRADOIROS | *Obradoiro 1*: implementado polo Programa KTORCE 18 de Arela. Obxecto: explicación pormenorizada da Lei de responsabilidade penal do menos | 29 de outubro de 2013, no IES Antonio Fraguas | Alumnado de tódolos 4º da ESO (**107 alumn@s**). |
| | | *Obradoiro 2*: implementado polo Equipo Técnico de Menores de A Coruña. Obxecto: dar a coñecer os recursos existentes para a protección do menor | 5 de novembro de 2013, no IES Antonio Fraguas | Dous grupos de 4º da ESO e un grupo de 1º de Bacharelato (**82 alumn@s**) |
| | | *Obradoiro 3*: implementado polo Programa de Educación Permanente de Adultos do Centro Penitenciario de Teixeiro. | 19 de novembro de 2013, no IES Antonio Fraguas | Tres grupos de 4º da ESO e un grupo de 2º de Bacharelato (**107 alumn@s**) |
| | | | | |
| FASE 2 | MESA REDONDA | **PONENTES** | **DATA** | **PARTICIPANTES** |
| | | Centro de Educación Permanente de Adultos da Consellería de Educación destinados no centro penitenciario de Teixeiro | 19 de novembro de 2013, de 16,30 a 18,30 horas. Lugar: Centro Sociocultural das Fontiñas. | *Alumn@s*: un grupo de 4º ESO, un grupo de 1º Bacharelato e dous grupos de 2º Bacharelato (**110 alumn@s**). ***50 asistentes máis***: docentes IES Antonio Fraguas, doutros centros educativos, traballadoras sociais da UTS Porta do Camiño, Programa de Prevención da UMAD, Centro de Día Arela, Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago, Centro de Saúde de Fontiñas, centro penitenciario de Teixeiro, Fundación Secretariado Xitano, Equipo Técnico de Menores de A Coruña e Centro autonómico de formación e innovación educativa (CAFI). |
| | | Don Santiago Porta Doval; psicólogo do Equipo Técnico de Menores de A Coruña. | | |
| | | Don Pablo Varela Castejón; Fiscal de Menores de Pontevedra. | | |
| | | Dona Ana Pérez Figueroa, coordinadora da Area de Conflito Social de Arela. | | |

*Fonte: Datos extraídos do cómputo de alumnado e profesionais participantes. Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (estes dous últimos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*



# IV.- A avaliación dos resultados

## IV.1.- COMO SE FIXO A AVALIACIÓN?

Unha vez mais, en consonancia coa outros proxectos comunitarios xa realizados, se considera de especial relevancia a realización dunha avaliación participativa, que é sinónimo de risco e é básica para plantexar, no futuro, outras accións que sexan de interese para a comunidade. A metodoloxía para a realización de avaliación foi basicamente a seguinte:

a) Realizouse unha avaliación inicial do contexto xeográfico e social no que se desenvolve o proxecto. É contextualizado na realidade social e territorial do barrio de Fontiñas; realízase así unha descrición da súa realidade social, en canto a número de habitantes, estruturación por colectivos de idade, movementos poboacionais, condicións de vivenda, diversidade cultural e socioeconómica dos seus habitantes e as principais problemáticas sociais que imperan na zona.

   Vincúlase o proxecto co II Diagnóstico Social[8], elaborado no ano 2012 cun enfoque comunitario, tendo en conta a mencionada realidade social e o aproveitamento da potencialidade e da oportunidade[9] derivada dunha intervención comunitaria consolidada e estable no tempo. Así, é relacionado con dúas liñas de intervención que se consideran básicas na zona:

   - Liña 13: deseño e implementación de proxectos formativos para a xuventude.
   - Liña 18: Intervención integral, dende o ámbito escolar e social, con menores para previr situacións de risco social.
   - E, incluso, ven a reforzar aspectos para mellorar a convivencia, non só no ámbito escolar, senón tamén no contexto comunitario, minguando a presenza de elementos de risco e de condutas asociais.

b) Prográmase igualmente a realización da avaliación pormenorizada da implementación do proxecto, describindo as fases do seu desenvolvemento:

   - A fase “inicio”: de quen partiu a iniciativa (IES Antonio Fraguas), a redefinición da mesma (coas aportacións da UTS Fontiñas), xuntanzas de organización, etc.

---

[8] Mais información na web www.compostelaintegra.org

[9] GONZALEZ SANTIAGO, Eva María e VIQUEIRA PÉREZ, María Jesús. II Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (ano 2012). Documento que consta no apartado de “Documentación da rede do Barrio de Fontiñas” dentro da web www.compostelaintegra.org . Ver páx. 97: DAFO das entidades comunitarias.

- A "fase PRE-": concretar e darlle forma á idea, a difusión, a distribución de roles, os contactos cos poñentes, etc.
- A fase "durante": a implementación dos obradoiros, a celebración da mesa redonda, a distribución dos gastos, etc.

E podemos constatar como o proxecto incide en distintos ámbitos:

- Na prevención, tanto na de índole primario (evitar a aparición de condutas asociais) como na secundaria (minguar elementos que afectan a colectivos de risco).
- Trabállase dende a propia realidade, con experiencias vitais "duras", con exemplos para afrontalas, e que supoñen un estímulo para crer na reinserción social.
- Enmárcanse os temas traballados co momento temporal no que se vive: a conmemoración do Día Internacional dos Dereitos da Infancia, que supuxo un pulo ao benestar dos menores.
- E unha vez mais, aproveitase o proxecto pra convertelo nunha "xornada de convivencia comunitaria, cun enfoque interxeneracional".

c) E tamén se realiza unha avaliación de resultados, dende distintas ópticas:

- **Cuantitativa**, a través do cálculo e interpretación dos indicadores formulados previamente, e que fan referencia a:

| AVALIACIÓN CUANTITATIVA | ASPECTO A AVALIAR | INDICADORES |
|---|---|---|
| | Organización e implementación | Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto |
| | | Nº de profesionais que difunde o Proxecto |
| | | Nº de profesionais que participan nos obradoiros |
| | | Nº de profesionais que participan na Mesa Redonda |
| | Impacto e participación | Nº de alumnado que participan nos obradoiros / nº de alumnado previsto |
| | | Nº de alumnado que participan na mesa redonda / nº de alumnado previsto |
| | | Nº de profesionais asistentes do eido educativo |
| | | Nº de profesionais asistentes do eido social |




- **Cualitativa**, a través da análise dos cuestionarios que se lle pasa a unha mostra do alumnado participante e do profesorado implicado, e que fan referencia a:

| | ASPECTO A AVALIAR | INDICADORES |
|---|---|---|
| AVALIACIÓN CUALITATIVA | Valoración do alumnado e do profesorado, a través de enquisas: | Grao de utilidade da información recibida |
| | | Valoración dos profesionais que levaron a cabo os obradoiros |
| | | Propostas de mellora e suxestións |
| | | ¿Gustou a actividade? |
| | | Interese dos contidos |
| | | Clima creado cos poñentes. |
| | | Utilidade da actividade. |

E déixase incluso unha valoración cualitativa de máximos e mínimos: que gustou máis?, que gustou menos?; incluído un apartado de suxestións que é imprescindible para o deseño e a implementación de novas iniciativas comunitarias.

A avaliación é concebida neste proxecto como unha ferramenta que evidencia os obstáculos que apareceron no camiño, pero tamén as potencialidades que xurdiron, polo que debe permitir a construción de novos escenarios, que probablemente se van materializar en futuros proxectos de intervención conxunta e mostrándose como unha avaliación non é o final dun proceso, senón un punto e seguido nas iniciativas comunitarias, que incluso as reforza e potencia.

É obrigado dar a coñecer á comunidade os resultados da implementación do proxecto, polo que o informe final de avaliación será incorporado, ao igual que xa estaba o proxecto, no apartado de documentación da web www.compostelaintegra.org

## IV.2.- AVALIACIÓN CUANTITATIVA.

| | ASPECTOS A AVALIAR | INDICADORES | Nº | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| AVALIACIÓN CUANTITATIVA | Organización e implementación | Nº de profesionais encargados da elaboración e organización do Proxecto | 4 | * Orientadora do IES Antonio Fraguas<br>* Traballadoras sociais da UTS Fontiñas.<br>* Educadora social do Programa municipal Socioeducativo |
| | | Nº de profesionais colaboradores | 5 | * Director do IES Antonio Fraguas.<br>* Vicedirector do IES Antonio Fraguas.<br>* 2 docentes do Departamento de Filosofía do IES Antonio Fraguas.<br>* Xuiz do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago. |
| | | Nº de profesionais que difunde o Proxecto | 5 | * Orientadora do IES Antonio Fraguas<br>* Traballadoras sociais da UTS Fontiñas.<br>* Educadora social do Programa municipal Socioeducativo.<br>* Coordinadora do Centro de Día Arela. |
| | | Nº de profesionais que participan nos obradoiros | 8 | * Asociación Arela: 1<br>* Equipo Menores: 4<br>* Teixeiro: 3 |
| | | Nº de profesionais que participan na Mesa Redonda | 5 | * Concelleira Servizos Sociais.<br>* Alumno Ensinanza Permanente Adultos de Teixeiro.<br>* Equipo Técnico de Menores.<br>* Fiscalía de Menores de Pontevedra.<br>* Arela. |
| | Impacto e participación | Nº de alumnado que participan nos obradoiros / nº de alumnado previsto | *Obradoiro 1*: Arela: 107/107= 100 %<br>*Obradoiro 2*: Menores: 82/53= 154,7 %<br>*Obradoiro 3*: Teixeiro: 107/80= 133,7% | |
| | | Nº de alumnado que participan na mesa redonda / nº de alumnado previsto | 110/110= 100 % | |
| | | Nº de profesionais asistentes á mesa redonda do eido educativo | 12/9= 133 % | |
| | | Nº de profesionais asistentes á mesa redonda do eido social[10] | 20/27= 74,07 % | |

*Fonte: Datos extraídos do cómputo de alumnado e profesionais participantes. Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (estes dous últimos dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

---

[10] Asistencia de: Concelleira da Area de Servizos Sociais, traballadoras sociais da UTS Fontiñas, traballadoras sociais da UTS Porta do Camiño, educadora social do programa municipal socioeducativo, técnico de prevención da UMAD, administrativo da UMAD, coordinadora e educadora do Centro de Día Arela, traballadora social do Centro de Saúde de Fontiñas, coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, educadora social do Programa de atención a familias Abeiro, psicólogos e traballadoras sociais do Equipo Técnico de Menores de A Coruña (Equipo Sur) e Xuíz de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela.

Da táboa anterior cómpre destacar a participación activa do ámbito educativo, tanto do seu alumnado como dos docentes, incluso superior ao previsto (algo acaecido nos obradoiros impartidos polo Equipo Técnico de Menores de A Coruña e polo Centro Penitenciario de Teixeiro, así como do profesorado).

## IV.3.- AVALIACIÓN CUALITATIVA.

A avaliación cualitativa realízase sobre unha mostra dos participantes, tanto nos obradoiros como na mesa redonda, e tendo en conta a poboación diana destinataria do proxecto (alumnado de Secundaria e de Bacharelato do IES Antonio Fraguas) como a profesionais participantes na mesma.

A experiencia foi ben acollida por tódolos asistentes á mesma. Sinalar a implicación dos docentes, que acudiron gratuitamente a impartir obradoiros e/ou ponencias na mesa redonda.

### IV.3.1.- Análise dos obradoiros en 4º da ESO.

En xeral, as puntuacións obtidas en tódolos obradoiros foron elevadas; en todos eles, mais do 65 % teñen as puntuacións máximas de 4/5.

Si se fai unha media por entidade encargada da impartición dos obradoiros, é evidente o máximo interese para o alumnado sobre a experiencia vital narrada por un dos alumnos de Ensinanza Permanente de Adultos do Centro Penitenciario de Teixeiro e polos seus docentes; si ben, é moi seguida polas outras dúas (con puntuacións ao redor de 4 sobre unha escala de 5).

**Ítem analizado: "En xeral, gustoume".**

| ***PUNTUACIÓN*** | **ARELA** | | **MENORES** | | **TEIXEIRO** | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** |
| 1 | 1 | 4% | 1 | 4% | 0 | 0% |
| 2 | 1 | 4% | 1 | 4% | 0 | 0% |
| 3 | 4 | 17% | 6 | 25% | 4 | 29% |
| 4 | 11 | 46% | 6 | 25% | 3 | 21% |
| 5 | 7 | 29% | 10 | 42% | 7 | 50% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 24 | | 24 | | 14 | |
| **Puntuación media** | **3,87** | | **3,96** | | **4,21** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

**Ítem analizado: "Interese dos contidos".**

| ***PUNTUACIÓN*** | **ARELA** | | **MENORES** | | **TEIXEIRO** | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** |
| 1 | 1 | 4% | 0 | 0% | 0 | 0% |
| 2 | 1 | 4% | 0 | 0% | 0 | 0% |
| 3 | 6 | 25% | 6 | 25% | 3 | 21% |
| 4 | 9 | 38% | 9 | 38% | 2 | 14% |
| 5 | 7 | 29% | 9 | 38% | 9 | 64% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 24 | | 24 | | 14 | |
| **Puntuación media** | **3,83** | | **4,12** | | **4,43** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

**Item analizado: "Clima creado".**

| ***PUNTUACIÓN*** | **ARELA** | | **MENORES** | | **TEIXEIRO** | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** |
| 1 | 0 | 0% | 1 | 4% | 0 | 0% |
| 2 | 1 | 4% | 0 | 0% | 0 | 0% |
| 3 | 5 | 21% | 4 | 17% | 0 | 0% |
| 4 | 9 | 38% | 12 | 50% | 4 | 29% |
| 5 | 9 | 38% | 7 | 29% | 10 | 71% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 24 | | 24 | | 14 | |
| **Puntuación media** | **4,08** | | **4** | | **4,71** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

**Item analizado: "Utilidade dos contidos traballados nos obradoiros".**

| **PUNTUACIÓN** | **ARELA** | | **MENORES** | | **TEIXEIRO** | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** |
| 1 | 2 | 8% | 1 | 4% | 0 | 0% |
| 2 | 0 | 0% | 1 | 4% | 0 | 0% |
| 3 | 4 | 17% | 6 | 25% | 3 | 21% |
| 4 | 7 | 29% | 6 | 25% | 5 | 36% |
| 5 | 11 | 46% | 10 | 42% | 6 | 43% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 24 | | 24 | | 14 | |
| **Puntuación media** | **4,04** | | **3,96** | | **4,21** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

### IV.3.2.- Análise da mesa redonda en 4º da ESO.

Na mesa redonda séguese a tónica anterior: o interese máximo pola experiencia vital de Teixeiro (media, en tódolos ítems analizados, superior a 4,5); si ben, tódalas entidades[11] amosan puntuacións medias superiores a 3 (sobre unha escala de 5).

O proxecto foi acollido positivamente tanto polo alumnado como por profesionais (do ámbito educativo e social).

**Ítem analizado: "En xeral, gustoume".**

| PUNTUACIÓN | ARELA | | MENORES | | TEIXEIRO | | FISCALIA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** |
| 1 | 1 | 4% | 0 | 0% | 0 | 0% | 3 | 12% |
| 2 | 2 | 8% | 2 | 8% | 0 | 0% | 3 | 12% |
| 3 | 6 | 24% | 7 | 28% | 2 | 8% | 11 | 44% |
| 4 | 11 | 44% | 14 | 56% | 2 | 8% | 5 | 20% |
| 5 | 5 | 20% | 2 | 8% | 21 | 84% | 3 | 12% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 25 | | 25 | | 25 | | 25 | |
| **Puntuación media** | **3,68** | | **3,64** | | **4,76** | | **3,08** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

**Ítem analizado: "Interese dos contidos".**

| PUNTUACIÓN | ARELA | | MENORES | | TEIXEIRO | | FISCALIA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** | **Nº** | **%** |
| 1 | 2 | 8% | 0 | 0% | 0 | 0% | 3 | 12% |
| 2 | 0 | 0% | 3 | 12% | 0 | 0% | 3 | 12% |
| 3 | 4 | 16% | 7 | 28% | 1 | 4% | 6 | 24% |
| 4 | 10 | 40% | 9 | 36% | 4 | 16% | 6 | 24% |
| 5 | 9 | 36% | 6 | 24% | 20 | 80% | 7 | 28% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 25 | | 25 | | 25 | | 25 | |
| **Puntuación media** | **3,96** | | **3,72** | | **4,76** | | **3,44** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

[11] Agás o clima creado pola Fiscalía, na que os adolescentes, lle outorgan unha puntuación media de 2,96; puntuación inferior á proporcionada por alumnado de Bacharelato, docentes e outros profesionais do ámbito social. O grao de madureza do alumnado de Bacharelato para afrontar os retos dos discursos máis técnicos podería estar tamén na orixe destas valoracións.

**Ítem analizado: "Clima creado".**

| PUNTUACIÓN | ARELA | | MENORES | | TEIXEIRO | | FISCALIA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| 1 | 0 | 0% | 0 | 0% | 0 | 0% | 5 | 20% |
| 2 | 3 | 12% | 2 | 8% | 0 | 0% | 6 | 24% |
| 3 | 4 | 16% | 4 | 16% | 3 | 12% | 4 | 16% |
| 4 | 5 | 20% | 13 | 52% | 2 | 8% | 5 | 20% |
| 5 | 13 | 52% | 6 | 24% | 20 | 80% | 5 | 20% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 25 | | 25 | | 25 | | 25 | |
| **Puntuación media** | **4,12** | | **3,92** | | **4,68** | | **2,96** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

**Ítem analizado: "Utilidade de contidos traballados na mesa redonda".**

| PUNTUACIÓN | ARELA | | MENORES | | TEIXEIRO | | FISCALIA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| 1 | 2 | 8% | 1 | 4% | 0 | 0% | 4 | 16% |
| 2 | 0 | 0% | 4 | 16% | 0 | 0% | 3 | 12% |
| 3 | 5 | 20% | 4 | 16% | 1 | 4% | 4 | 16% |
| 4 | 9 | 36% | 9 | 36% | 3 | 12% | 7 | 28% |
| 5 | 9 | 36% | 7 | 28% | 21 | 84% | 7 | 28% |
| TOTAL CUESTIONARIOS | 25 | | 25 | | 25 | | 25 | |
| **Puntuación media** | **3,92** | | **3,68** | | **4,8** | | **3,4** | |

*Fonte: Datos extraídos dos cuestionarios pasados pola Orientadora do IES Antonio Fraguas; volcado e análise estatística realizada polo Programa municipal socioeducativo e UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).*

### IV.3.3.- Análise dos obradoiros en 1º e 2º de Bacharelato.

Repítese o xa analizado en Secundaria; para o alumnado de Bacharelato, a experiencia vital exposta por un alumno de Ensinanza Permanente de Adultos do Centro Penitenciario de Teixeiro acada unha puntuación moi elevada, superior, en tódolos ítems, a 4,5 (sobre unha escala de 5). As outras dúas entidades presentan puntuacións medias superiores a 3. Non obstante, aquí hai unha pequena diferenza; se ben en Secundaria, o interese polo exposto polas entidades, por preferencia, se ordenaba en Teixeiro / Arela / Menores, en Bacharelato, Teixeiro / Menores / Arela.

